

# Memoria clubs de lectura 2023-24

**Código:** 36011592

**Centro:** IES SANTA IRENE

**Localidade:** VIGO

**Provincia:** Pontevedra

**Nome do Club de lectura:** A cova máxica

## 1.- CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS

O propósito fundamental deste ano era continuar o club e conseguir implicar ao alumnado e o profesorado suficiente para poder levalo a cabo. Hai que dicir, con orgullo, que foron algúns do alumnado partícipe do ano pasado que solicitou a súa posta en funcionamento, poñendo en marcha varias liñas que funcionaron regularmente. Aínda que algún grupo baixou os seus membros, en xeral, funcionou.

## 2.- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

No proxecto inicial propuxérase unha liña de traballo “Igualdade”, que non chegou a formarse, sen embargo creouse outra, a liña “Convivencia” para alumnado de 2º ESO. O número de participantes variou brevemente, posto que algún dos grupos viu reducido o seu número de participantes a medida que avanzou o curso. Os grupos quedaron finalmente así:

Liña 1. “**Valores**”, dirixida ao alumnado de 1º ESO. Con 12 participantes. Profesor guía: Isabel Capelo (Dept. Relixión). Quedaban nun recreo cada quince días.

Liña 2 “**Convivencia**”, dirixida ao alumnado de 2º ESO. Con 13 participantes. Profesor guía: Isabel Capelo (Dept. Relixión). Quedaban nun recreo cada quince días.

Liña 3 “**Iniciación á lectura compartida**” dirixida ao alumnado con NEE, 1º ESO, formado por 6 alumnos. Profesor guía: Natalia Pardavila (Dept. Lingua Castelá). Quedaban un recreo cada quince días.

Liña 4 “**Club Manga**”, dirixida a todo o centro. 4 alumnos (da ESO e Bacharelato). Profesor guía: Leonor Giménez (Dept. Xeografía e Historia). Quedarán os mércores no 1º recreo e case de forma autónoma.

Liña 5 “**Novela actual**” dirixida ao alumnado de 3ºe4º ESO e Bacharelato. 12 participantes. Profesor guía: Rubén (Dept. Xeografía e Historia). Quedaban os mércores no segundo recreo cada quince días.

Liña 6 “**Grupo de adultos**”, dirixida ao alumnado de adultos. 12 participantes. Profesor guía: Montse Fdez Fraga (Dept. Lingua Galega- Nocturno). Quedaban cada quince días, unha hora antes de empezar as clases dos mércores pola tarde.

**Periodicidade e horario** para cada un dos grupos.

O calendario de reunións previsto no proxecto inicial, respetouse por completo e de forma presencial.

<b>1er TRIMESTRE</b>			
<b>LIÑA 1</b>	6 novembro. Entrega do libro 1º recreo	27 novembro. Posta en común 1º recreo	18 decembro Posta en común 1º Recreo
<b>LIÑA 2</b>	13 novembro. Entrega do libro 1º recreo	4decembro. Posta en común 1º recreo	18 decembro Posta en común 1º Recreo
<b>LIÑA 3</b>	3 de novembro. Entrega do libro 1º recreo	24 novembro. Posta en común 1º recreo	15 decembro Posta en común 1º Recreo
<b>LIÑA 4</b>	8 novembro. Quedada no 1º recreo	29 novembro. Posta en común 1º recreo	13 decembro Posta en común 1º Recreo
<b>LIÑA 5</b>	8 novembro. Entrega do libro 2º recreo	29 novembro. Posta en común 2º recreo	13 decembro Posta en común 2º Recreo
<b>LIÑA 6 “Adultos”</b>	8 novembro. Entrega do libro. Ás 16 h.	28 novembro. Posta en común Ás 16 h.	12 decembro Posta en común Ás 16h.
<b>2º TRIMESTRE</b>			
<b>LIÑA 1</b>	15 xaneiro. Posta en común 1º recreo	12 febreiro. Posta en común 1º recreo	11 marzo. Posta en común 1º Recreo
<b>LIÑA 2</b>	22 xaneiro. Posta en común 1º recreo	19 febreiro. Posta en común 1º recreo	18 marzo Posta en común 1º Recreo
<b>LIÑA 3</b>	12 xaneiro. Posta en común 1º recreo	9 febreiro. Posta en común 1º recreo	8 marzo Posta en común 1º Recreo
<b>LIÑA 4</b>	10 xaneiro. Posta en común 1º recreo	7 febreiro. Posta en común 1º recreo	6 marzo Posta en común 1º Recreo
<b>LIÑA 5</b>	10 xaneiro. 2º recreo	7 febreiro. 2º recreo	6 marzo. 2º recreo
<b>LIÑA 6 “Adultos”</b>	10 xaneiro. Posta en común. Ás 16 h.	7 febreiro. Posta en común . Ás 16 h..	6 marzo Posta en común. Ás 16 h.
<b>3º TRIMESTRE</b>			
<b>LIÑA 1</b>	8 abril. Posta en común 1º recreo	6 maio. Posta en común 1º recreo	3 xuño. Posta en común 1º Recreo
<b>LIÑA 2</b>	15 abril. Posta en común 2º recreo	13 maio. Posta en común 2º recreo	3 xuño. Posta en común 2º Recreo
<b>LIÑA 3</b>	5 abril. Posta en común 1º recreo	3 maio. Posta en común 1º recreo	31 maio Posta en común 1º Recreo e despedida
<b>LIÑA 4</b>	3 abril. Posta en común 1º recreo	8 maio. Posta en común 1º recreo	5 xuño Posta en común 1º Recreo e despedida.
<b>LIÑA 5</b>	3 abril. Posta en común 2º recreo	8 maio. Posta en común 2º recreo	5 xuño Posta en común 2º recreo e despedida
<b>LIÑA 6 “Adultos”</b>	3 abril. Posta en común. Ás 16 h.	24 abril. Posta en común. Ás 16 h.	29 maio Posta en común. Ás 16 h.

### 3.- ACTIVIDADES

A actividade principal foi a lectura sen restricións de xénero, autor ou época. A lectura en solitario ou compartida, ou simultánea, era o obxectivo primeiro que nos propuxéramos, seguida das reflexións e opinións dos membros do grupo.

Liña 1. “Valores”, dirixida ao alumnado de 1º ESO levou a cabo dúas lecturas que acompañaron no final de curso coa visualización da película “O neno do pixama de raias” (7 de xuño) que permitirá xuntar a todo o alumnado participante coa súa profesora guía e disfrutaron dunha tarde de

intercambio de impresións sobre a lectura. Algúns do alumnado desta liña participou na xornada de presentación do centro ao novo alumnado de 6º cunha presentación da planta baixa. Tamén participou nas xornadas de inauguración dos novos espazos da biblioteca.

Liña 2 “Convivencia”. As súas quedadas eran na aula. Sostivo o grupo de igualdade que ao final non conseguiu formarse. Aproveitando a visita ao centro do alumnado de 6º primaria, prepararon unha presentación na que explicaban a 1ª planta e os laboratorios.

Liña 3 “Iniciación á lectura compartida”, a profesora guía destaca os pequenos avances que facía co pequeno grupo de nee. Quedaban na Biblioteca. Nas lecturas comúns e compartidas aprenderon a respetar o turno de lectura e co que máis disfrutaron foi coa lectura de obras teatrais, que os implicou no proceso de lectura (atención, seguimento, entonación...).

Liña 4. “Club Manga”, quedaban todos os mércores e preparaban exposicións orais para presentar os seus cómics favoritos ao resto do grupo. Asistiron a unha quedada Manga nun centro de Cangas. Animáronse a facer un cómic, pero aínda está en elaboración.

Liña 5 “Novela actual”, quedaban o mércores nun aula. Algunhas das súas participantes, serviron de guía na presentación dos novos espazos da Biblioteca, o 7 de xuño.

Liña 6 “Grupo de adultos”, esta liña tivo un gran éxito no grupo de nocturno de adultos. Disfrutaron da lectura compartida os mércores na Biblioteca.

Para impulsar a lectura en galego o club de lectura alternou as lecturas en lingua castelá e lingua galega deixando ao gusto dos lectores a elección, cando se podía.

Os grupos de lectura foron mixtos, de maneira que a inclusión dos sexos estivo garantida.

#### **4.- MATERIAIS**

Un selo para o Club de Lectura, específico, tomando como debuxo, á gañadora do concurso de selos, que se levou a cabo ao final do curso pasado. Pode verse nas entradas ao blog porque se utiliza para a portada dos balances trimestrais.

Carteis para recordar o calendario das quedadas do Club de lectura nas aulas da ESO e de Bacharelato e do Club Manga.

No caso concreto da Liña 2 “Club Manga”, están elaborando un cómic, pero haberá que esperar para o remate.

Da Liña 1 “Valores”, liña 2 “Convivencia” e liña 5 Novela actual, unhas rapazas do club de lectura que tamén pertencen o voluntariado, participaron na presentación do centro ao alumnado de 6 de primaria e presentaron o novo espazo de lectura e traballo da biblioteca.

Diferentes carteis, para indicar o día e hora das xuntanzas.

Tamén se elaboran para o blog da biblioteca unhas presentacións para mostrar o traballo realizado e as lecturas desenvolvidas.

#### **5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO**

O alumnado respondeu positivamente á iniciativa, de feito foron eles mesmos quen animaron a reanudar a actividade do club. A liña de igualdade, que este curso, non tivo

éxito, pero, en xeral, todos responderon dende o primeiro momento e de forma responsable, participando activamente nas conversas e actividades propostas.

## **6.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO**

É evidente que sen a axuda do profesorado-guía non se poderían levar a cabo esta diversidade de liñas que se adapta ás diferentes gustos e necesidades. Debe agradecerse a disposición do profesorado que aceptou a proposta e asumiu un traballo extra fóra do seu horario e ocupando o seu tempo de lecer.

Creáronse seis liñas dirixidas cada unha delas por un profesor distinto dando cabida a diferentes grupos organizados por idades e preferencias.

De tódolos xeitos fixéronse actividades (xornadas, presentacións...) que supuxo que o alumnado perdera algunha clase e non houbo pegas por parte do resto de profesorado que impartía clase ao resto do grupo nin se viu perxudicado o alumnado asistente.

Así que todo o profesorado aceptou de bo grado o Club, incluído o equipo directivo que promoveu a iniciativa dende o comezo.

Por outra banda, non podemos olvidar a resposta do alumnado, que se anima a participar e incluso insiste na súa creación.

### **Dentro das actividades tamén se fixo Colaboracións con outros clubs ou institucións culturais da contorna:**

A liña “Club Manga” participou nunha quedada de club manga en Cangas.

## **7.- BIBLIOTECA ESCOLAR**

A biblioteca escolar cedeu o seu espazo para albergar nos recreos ao alumnado do club e a súa coordinadora foi a encargada de mercar o material necesario para levalo a cabo.

Por outra banda, tres membros do equipo de biblioteca fixéronse cargo de tres das seis liñas abertas.

Tamén algún membro do voluntariado de Biblioteca participaban no club que foron fundamentais para animar ao resto dos compañeiros.

Algúns membros do alumnado do club de lectura participa tamén no voluntariado da biblioteca e nas actividades que se promoven, concretamente: lecturas do día de Rosalía e do día do libro, presentación da biblioteca nas xornadas de acollida de novo alumnado...

## 8.- VISIBILIDADE. DIFUSIÓN

Utilizouse o blog da biblioteca “a cova máxica” para facer balance trimestral do que se ía facendo no club e así animar a máis rapaces.

Blog: <https://acovamaxica.blogspot.com/>

A través do Blog da biblioteca “A cova máxica” divúlganse as lecturas e actividades do Club de lectura. De forma periódica, cada trimestre, fai balance das actividades:

Primeiro Trimestre:

<https://acovamaxica.blogspot.com/2023/12/club-de-lectura-santa-irene-primeiro.html>

Segundo Trimestre:

<https://acovamaxica.blogspot.com/2024/03/balance-do-2-trimestre-club-de-lectura.html>

Terceiro Trimestre:

<https://acovamaxica.blogspot.com/2024/06/balance-do-3-trimestre-do-club-de.html>

Outro(s):

Algúns das liñas abertas tiñan aberta para estar en contacto un grupo na Aula Virtual do centro, concretamente: [AV: Todos os cursos \(xunta.gal\)](#)

Liña 5 “Novela actual”:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessantairene/aulavirtual/course/view.php?id=1093>

Liña 6 “Grupo de adultos”:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessantairene/aulavirtual/course/view.php?id=948&notifypublishingon=1>

Este grupo tamén se comunicaban por un grupo de whatsapp, ao tratarse de adultos era máis doado comucicarse.

Observacións (*opcional*):

Hai que agradecer o traballo desenvolvido polos compañeiros que de xeito voluntario fan posible a creación e mantemento do club.

Quizá podería pensarse en obter como a coordinadora, horas de formación por este traballo.